

OTIO MARCOS D'A PORTELA



*Os mandamentos d'o MARCOS
fora d' airexa, son seis:
facer á todos xusticia,
non casarse con ninguen,
falar o gallego enxebre,
cumprir c' o que manda a ley,
loitár pol-o noso adianto
con antusiasmo e con fé,
vestir calzós e monteira
peronmía sécula amen.*

*Tenén os pobos a gala
n-o seu lengoaxe falar:
fállase chinu n-a China,
portugués en Portugal,
catalán en Cataluña,
e n-a Alemania, alemán,
soilo os gallegos! agora
hastra verganza lleves dá
falar a melosa e dolce
tala qué falan seus pais.*

PÁRRAFEOS C'O POBO GALLEGO

Ano séutimo

Ourense 24 de Mayo de 1885

Parrafeo satenta e nove

O TIO MARCOS EN MONFORTE.

Eran as seis d'a mañá d'o derradeiro quince de Mayo, d'o dia de San Sidro Labrador. A locomotora escomenzou á asubiar n-a estacion d'Ourense: o móstruo de ferro con alentos de vapor d' auga e con agutíos de carbon ardendo dispúñase á camiñar escontra a vila pelra d' o val de Lemus. Un furnigueiro de xente que pol-o riseira poidera pasar por tola, brincando com as cabras n-o monte pol-os escanos d' o tren, entrhou n-o ventre d' o móstruo como si fose disposta á roerlle as entráns. ¡Mais como si tal cousa! A serpente de ferro nin xiquera se moveu. Tiña bazo pra levar aquela e sasenta veces mais xente.

O xefe d'estacion tocou un pito, a locomotora escomenzou á asubiar de novo con maiores alentos e forzas, arrendeouse sobre d' as rodas pol-o xeito d' un gran paxaro que manea as aas pra voar, e d' ali á pouco partiu de súpeto pol-os carriles d' o camiño de ferro.

Os viaxeiros déronse á aturuxar; a serpente inda que rastrexaba pol-a via, parés que tiña aas pra voar pol-o espacío.

Como si fose unha vila en movemento, n-as ventanas e n-os balcóns d' o tren alcontrábanse asomados vendo aqueles feiticeiros paisaxes que

s' amostraban ós seus ollos atónetos, homes mozos e vellos, garridas e xeitosas rapazas e brinca-deiros e trouleadores nenos.

Pol-a promeira vez, dempois de tantos anos d' agarda e de tantas voltas e retranqueiras d' a compañía pra non cumplir os seus compromisos, Ourense e Monforte iban a dárense unha apertu muy apertada, un bico de paz, confundíndose dempois de vencer as distancias afuracando montes e burlando ríos, n-unha sola rexenerada, feliz e validosa vila.

N-o tempo que leva un cabalo pra botar un galope, o tren chegou á estacion de Barra d' Miño. Emprendeu á segunda carreira, e como si fose a carreiriña d' un can, ganou a distancia que hay dende a barra ós Peares: pasou o ponte d' os tres ríos voando y-enxorejando c' os seus asubios aquelas montañas que asomellan soster os ceos n-a sua cume, facendo repercutir n-os seus vals y-encanadas os ecos d' a sua voz y-o renixer d' as suas rodas. Ganoulle as revoltas ó Miño, surtiu por unha orela d' o Sil e meténdoso por longos túneles, apareceu maxestosa e campanete en San Esteban.

Eu anque labrego viaxaba en promeira; dérame aquel dia pol-o señorío pra festexal-o acontecemento d' os mais groriosos pra Galicia. N-a

miña compaňía iban vintesete señores de perendengues e campañas, afeitos ó mando e dinos todos d' o exercicio d' a autoridá. Nin un solo d' eles deixou de se desfacer en laudes pr' aquelas esprandorosas campias, pr' aquellas subrimes montañas, pr' aqueles feitizadores paisaxes.

O tren volveu á poñerse en marcha, e como quen dí-en duas alancadas chegou á estacion de Canaval. Parouse un pouquinho e inda non tivera tempo de folguezar cando emprendeu novamente a carreira pol-as froridas veigas que rega o Cabe, atravesouno de veira á veira e n-un suspiro amostrouse diante por diante d' a vila de Monforte.

Eu botei a mau á monteira, e confeso a miña fraqueza, non aturuxei, non porque me dese vergonza, sinón porque me batia o corazon n-o peito con mais forza que de costume e porque parés que a mau d' unha meiga apertábame as gorgas. ¡Arrenégote demo! ¡Nin que a emocion que sintin fose cousa de bruxería!

N-o andén agardaban pra saudar a chegada d' a promeira locomotora d' Ourense as rapazas mais churrusqueiras e lindas d' aquela terra feitizada pol-as galanías d' unha abondosa vexetación, agarimada por un ceo bordado de nubes d' ouro e n-a que brila a luz d' un sol esprandoroso e potente como n-as rexios d' o Mediodía.

Dempois d' andáremos de riola pol-a vila e de visitar a Compañía, onde campa n-a eirexa o retabro impercedeira obra d' o uoso rèlembrado escultor Francisco Moure y-o castelo subrimizado n-os *Fidalgos de Monforte* pol-o noso ilustre Vicetto, collimos o camiño d' a estacion c' o gallo de xantar n-a fonda que alí estabreceu segun contas un estranxeiro que deprendeu a guisar n-a relembrada cocina de Lhardy de Madril.

Orestora, como cantazo en oílo de boticario ven á conto falar d' aquela fonda, xa pra que os labregos non se metan en fonduras n-ela sin levar as faltricas acuguladas de pesos, xa pra que lle saya ó dono a conta como n-os saiu a nosoutros, pois si como n-os rubiu lle rube o creto, xuro a Dios pai y-a Dios fillo que lle rube pol-a gramaalleira.

Pol-o aramio, e pol-a mor de non chegar á Monforte y-alcontrarnos co-a boca aberta, encarzáramos o xantar, que foi axustado sin piques en dous pesos en duas rodas batentes e sonantes por cada fillo de veciño que tivese dentes ou apetencia pra xantar, fora d' os viños e d' o café que serian d' a nosa conta e medidos pol-o rebolo d'a nosa sede.

Por dez pesetas que batemos cada un d' os vintesete, puxéronnos: unha *sopa ouceano* sin farangulla d' areas nin migas de peixe, a culler asulagaba n-ela como unha draga que non da c' o fondo: un pasteliño viu lo (pois non traguia parexa) nomeado *mexa mel*, seica porque tiña pouco sólido e sustancia de azucré: un filete de vitela que de poñelo ó vento xuncras leve si non o levaba como si fose un anaco de papel de fumar, e que ó metelo n-a boca quedou engarrado entr' os dentes y-as encias como si fose unha tearaña: langosta a xeito de homeopatía, posta a millonésima dilucion con prebe de vinagre alopático (d' esta caste de langosta deberá ser a que cai n-os agros) pois tiña mais de brisa que de nube e caian n-os pratos as talladas sin sentírense, pol-o xeito d' as fouleras de neve: polos orfos con chicharos protentores, partidos por gala en muitos anacos pra que non se perdese a mostra entr' as revoltas d' o prato, que viña a facer as veces de mal tutor de froitos por alimentos, pois non li' es rendia contas nin á nosoutros nos daba conta d' eles: un flan aereo pois comémolo pol-o alento, e de postres queixo e mazás como poideran poñelos en calquera ventorrillo. Esquecerásemse: puxéronnos tamen vitela en fiambre que se me barreu d' a memoria como se me barrera n-as puas d' o tenedor, pois como si fose carne d' espiritu puro, ou éter en cecina evaporousse.

Barullen o que queiran, esas fondas onde sirven a comida dempois de pasala pol-a alquitara como quen destila augardente, enxamais cuallarán n-a terra de Galicia, non porqu' estemos afeitos a n-os atracar, a n-os encher com' os lobos, sinón porque n-os prace comer á fartura, porque non somos migalleiros.

A mais d' esto, como si os camareiros se propuxesen pasárennos as viandas polos fuciños, servíannos pol-o sistema d' os galgos de presa e correndo como si audiveran polos montes seguindo as lebres, sin n-os daren tempo pra tomar a sosega.

Dempois de que fixéramos boca d' aquela maneira e cando nos dispúnamos á valeirar unhas botellas co-as que nos agasallara o Casino de Monforte, un d' os camareiros, facendo de ministro de Facenda e como quen solta unha real órde restabrecendo as vellas alkabalas, anunciounos que por cada botella que abrisemos tiñamos que bater duas pesetas por dereitos de descorché, xa que as botellas non sairan d' a bodega d' a casa.

Esta caste de trabuco en tempos de libertad e cando renegamos d' o feudalismo como d' o de-

mo, entalóusenos n-o estómago, e gracias á que non s' alcontraba atascado, pois de telo, xuncras leve sinón toupábamos, e non era pra menos o ver que nin xiquera dispúñamos de libertá pra beber o que se nos antoxase libre de cárimas; mais deprocatándonos de que as botellas viñan d' un agasallo de gran estimacion e validencia pra nosoutros e de que aquello era un modo indireuto de nos decir que o dono d' a fonda ganaba pol-a curta duas pesetas en cada botella, botámoslle a mau ós tapós y-aviñémonos á pagar os dereitos d' alkabala, como si fósemos prebeyos d' o siglo quince.

A xogada non foi d' abondo pra botar por terra o noso antusiasmo: n-a compañía d' os que compuñan a comision d' o Casino de Monforte que agasalleiros viñeran á saudarnos, brindamos pol-o adiantó de Galicia, pol-as vilas e pol-as bellas d' Ourense e de Monforte, pol-o seu Casino, pol-as simpatías e pol-a union d' ambos pobos hirmaos, e faláronse cousas d' as que sinto non leembrarme agora pra contárvolas.

Apenas acabáramos de tomar cafè á tres reás cunca, cando chegou o tren d' as cinco d' a tarde acugulado de viaxeiros d' Ourense.

Xa me dispuña á mandar que botasen catro dúceas de foguetes de tres estralos á miña conta, cando un d' os socios d' o Casino de Monforte dixome que descoidase, que xa eles, que tiñan tino de todo' s' adiantaran ós meus propósetos, e que aixina estrondarían as bombas pr' os fidalgos y-os foguetes de tres estralos pr' o Tio Marcos.

Edito e feito. As bombas misturadas c' os foguetes de tres estralos resoaron n-os ámpitos e deixáronse ouvir os ledos acordes d' a mísica.

Os empregados d' a empresa que pol-as traças estaban mais pol-o negocio que pol-a groma, e que non gastan de cumplidos mais que c' os conselleiros que lles enchen o papo, apuxérонse á que os mísicos entrasen n-o andén sin que pagasen cada un os dous reás que custa o billete d' entrada.

Novo trabuco que sin facerse os rogados pagaron os membros d' a comision d' o Casino, resoltos á pasar por todas á troques de nos agassallar.

O andén convirtíuse n-un turreiro de festa, n-un furnigüero de xente leda, n-un certáme de fermosuras. Aquele parecía un burato d' o ceo pol-os anxeliños que se vian. Houbo quen-o dixo en letras de molde e non teño pra que calalo. Vendo tan garridas nenas un viaxeiro d' Ourense

quedou c' un pé n-o aire e con outro no estribo d' o wagon en que viña; postura que o meu entender quixo decir que o recenchedado se lle fora o santo ó ceo ou que tiña mentres d' ir de viaxe ó imbo d' os nenos pra fuxir d' aquela tentadora xuntanza de mulleres.

Unha d' elas, suscritora d' o TIO MARCOS por mais, señas brilaba entre todas com a lua entr' as estrelas n-as poetecas noites d' o vrau. ¡E que parrafeos se botaron! ¡E como se arriscaron co-elas os meus veciños d' a vila d' as Burgas qu'inda campan de solteiros e que aletexan e pian n-os albores d' o amor!

De sabelo algunas, de fixo que haberia tronos e rayos aquela noite logo que desen volta os que foran de viaxe á Monforte.

Alá o veréndes; co-estas idas e co-estas voltas moitos paxaros d' as orelas d' o Miño van cair á gayola d' o matrimonio no val de Lemus.

¡Teñen por alí unha casta de *ligas* que prenden que renegan!

A eso d' as oito d' a noite o tren emprendeu o camiño de volta a Ourense. Os viaxeiros acomodáronse n-os wagóns como poideron e non como cobizaron, pois houbo quen pagando billete de promeira viaxou en terceira, levando d' acancharperna a un cavador d' os Peares ou de Barra de Miño con zocos craveteados e con frato larpeiro, sin que n-aquelas apuradas tivese á quien se queixar porque os empregados d' a línia facianse os xordos e non puxeron mais wagóns pra non levaren o traballo de poñelos, pois estan afeitos a colleren troitas co-as bragas enxoitas y-a que lle veñan á mau as recolleitas sachadas e dispostas.

·O porse o tren en movemento, a mísica tocou unha rebulidora muiñeira e déronse pol-os viaxeiros atroadores vivas a Monforte, á Ourense, ás garridas rapazas d' as duas vilas hirmás y-o casino, que foron contestados con outros vivas pol-os que quedaban n-o andén e pol-as feiticeiras mociñas que acenaban c' os panos ó ayre en sinal de despedida. Outra com' ela tardarémola en ver n-a nosa terra, onde estas xustas alegrías e lexítimos esparexementos témolos por longas tempadas.

Por hoxe abonda falar d' o que pasou en Monforte: n-o parrafeo que ben contareivos outras aduanerías e chuscadas que socederon, comprécendome namentres en mandarlle un saudo c'unha aperta muy apertada ós socios d' o Casino, pol-o compracentes y-agasalleiros que s' amostraron con nosoutros, pol-a acollida agarimosa que nos deron; aperta e saudo d' as que si son gustantes

poden participaren como queiran as mozas que
brilan e campan n-o val de Lemus, si non-o leyan
á mal e non lles dá noxo recibir as alouminadas'
d' un vello.

XAN VARELA ó TIO MARCOS D' A PORTELA.

Madrid 15 de Mayo de 1885.

Hoxe veño, señor Marcos,
co-a concencia esconsolada
en busca d' un bon consello,
que me deixe ver ás craras
a veira por donde ei d' ir
n-as cousas que á min me pasan.

Fun nantronte, qu' era festa,
á baillar n-a fuliada
onde os mozos d' os mais xuncras,
van en busca d' as rapazas;
e dempois de beilar moi
e ter a testa mareada
c' o vapor d' algúz chupiños
conque mollei o *alalala*,
funin' á veira d' unha nena
tan garrida e colorada,
que solo cón vela jay tio!
daban ganas de bicala.

Falamos quedo e moi
namentres outros bélaban,
e d' as parolas ós xogos
pasouse en menos de nada.
—Mira, Xan, estate quedo;
deixate de falcatruadas,
que tod' a xente nos mira
e meu pai rifa —escramaba.

Pero eu, queiras que non queiras,
vena xogo e venia fala.
E n-esto faise de noite,
vaise a xente d' a fuliada,
quiero darll' un bico, corre,
vou tras ela, ¡condanada!
¡corria com' un raposo!

pero eu com' un can voaba.

O fin tropeza n-un croyo,
cae ó chan cand' eu chegaba,
sin querer tropezo n' ela,
y-enriba vou d' a rapaza.

Quiero darlle o bico ¡demó!
com' unha fera loitaba!

Dempois de moitos aruños
dínlle o bico e... non sei nada

d' o que pasou mais adiante;
pois como bêbedo estaba,

perdin o conocemento
ó tropezar co-a sua cara.

Solo sei qu' o pai d' a nena
prometeume unha *somanta*.

si en todo o mes que corremos
non me caso cō-a rapaza.

Agora pid' o consello.

Vosté, Marquiños, que fala

tan ben de todal-as cousas,
que ten meollo e ten gracia,
e debe ser marrulleiro
n-estos xogos d' as rapazas,
¡quere decir a este Xan
que cousa será mais mala?
¿Casomé co-a Maripepa
ou deixo dar a *somanta*?

XAN VARELA.

CARTIÑA 'O TIO MARCOS D' A PORTELA.

Marcos d' a miña alma, Portela d' o meu co-
razon. ¡Cánto habia, meu filliño, que de tí non
sabía nada, hastra que un d'estos dias chegou d'-
Ourense o meu neto, contando cousas non vistas
d' os festexos qu' os teus peisanos che fixerou
n-o dia d' o teu santo, d' a enchedela que lles
deche, y-outras maravillas mais! Eu, ó oubir
semellantes novedades, cheo d' antusiasmo, pin-
cho n-o chau a monteira, espallo os brazos ó ceo,
e ceibando un berro d' o fondo d' o meu peito,
escramo: «¡Loado sea Dios por sempre! ¡Volvo xa
á ser feliz!»

Pro ¿vaya que non sabes, meu cuco, que foi o
que levou ó neto ó lado d' aló d' Ourense?... ¡Bah!
¡Si tí non sabes nada, hó! ¡Ay si viras, meu filli-
ño! Téñome n-os santos Milagros estudiando un
picarecho, meu vizneto á moita honra, que se-
gun ventan d'o seu pai é tanta a sua sabidencia,
anque n-hay ben-o ano que estudia, que xa logo
m' é un creguiño. ¡Vaya!... ¡Non parece sinon
qu' esos fradíños, Dios Noso Señor os conserve,
teñen a pedra imán pra facer cregos!

Tal é pois o regocixio que me rebrinca n-o
corpo dende que sei qu' o pequeno vai tan logo
á dicir misa, que reloucando de gozo y-o mesmo
que si fora un neno, salto n-un pê de contento.
¡Miña rosa! Estaba maluño d' o sarampelo e foi á
velo seu pai.

Mais non ha ser todo alegria.

Téñome tamén que contarche cousas... ¡cousas
muy tristes, meu Marcos! ¡Ay! aquel probe teu
amigo qu' aló en tempos millores debaixo d' un
carballo ch' escribia cartiñas muy garridas d' a
miña chouza de Piares, e que lle deprenden á ler
n-elas ó meu guiche d' os Milagros, aquel...
¡baix u á cova, mal pocado!

¡Ben novo o comeu a porea!... ¡Quedei horfiño
de todo! ¡Perdin un amigo muy grande... ¡E
que sempre tivese n-a boca, o seu MARCOS D' A
PORTELA!!!

Cata ti si te quería, que me mandou que lle
cubrise c' os teus papés a sua tumba e d' eles lle
fixese o hábeto, pra o que non deu licencia o se-
ñor cura, e solo como qu' era a bulda lle poiden
poner un por riba d' a cara ó ir pra terra.

¡Cánta malancunia me meteu n-o corazon
aquelha morte!...

Dend' estoncés quedoime o corazon tan doo-
rido que non quisen ver mais os teus papés, ni n-

volvin á xuntar folla, cortar leña, nin gardar gando á miña chouza de Piñares.

¡Miña xoya! Pareciame velo alí lendo, c' os seus ollos cheos de vagoas, n-unhos puscuiños que n-a pirmeira llana dician *Espiñas, Follas e Irores*, que tamén lle metin por seu mandado debaixo d' a cabeza n-a sua tumba.

A pouco de darlle terra caiu un rayo n-o carballo que dicia o difuntino valía él solo o dote d' unha rapaza. Debaixo d' él tiña o seu banco de respaldo y-a sua mesa. Ei de poñer alí pra sua memoria un cruceiro grande de pedra.

Pro... qué fai un con ximiqueos? Largo tranqueira a tristeza, xa que moíños non rolan con augas que se foron! Volva pra sempre a alegría, que o quere así o meu vizneto!

Agora mesmo pra vengarme d' a morriña d'a tristeza vou pegar un aturuxo y-unha carreira á catro pés, y-un brinco por riba d' a carrocha d' o carballo que che dixen. Os que me vexan dirán ¡ay! qu' está louco rematado o velliño de Sancroyo!... Pero á min que se me dá?

Podes suscribirme ás tuas follñas, porque logo vou á ter eiquí o meu curuxol d' o meu neto. Cómo m' ha de regalal-o probiño os oubidos ó leermas.

Eu mesmo hei d' ir por él ós Milagres. De paso ganarei tamen a *induluguencia* pranaria que diz que se gana por bicar as mans ós fradiños. A volta mal será non poida verte n-a tua casa; cotexarémolos calzós, as polainas, as món-teiras y-os nosos cabelos canos. Pro eu téñochos muy brancos, meu filliño.

Tí que che deu Dios moita mamoria pódessle botal-a conta; o ano d' os franceses, nond' él vai! xa eu aturulaba ás raparigas. Parece qu' inda foi oonte cand' aqueles futres por un aturulo muy grande que peguei m' houberon d' estalar como a unha rá. ¡Cánto fai o non ter conocemento!

Pro con todo ainda ch' estou de boa carrua; nin cousa me tremba a cabeza, e háchome ainda co-as pernas ben dereitas e ben rexas, pra dar n-a tua compaña unha volta por Ourense. Teño, que o creás que non, a axilidá e bon humor d' os meus verdoreos primeiros; anque, s' hei dicir verdá, n-a casa son muy roñón e muy serio pra que me teñan respeto, e casco un pau ó mais serio como fale n-o rosario. Non... si Farruco d' o Penedo por eiquí ben... llevar léva!

Conque... veremos logo si cando chegaremos aló lle tes ó meu pequichinho, qu' ainda che ha d' encher pardiola o ollo, o leito y-as sabas limpas q' un dia ll' ofrecías pra folgarse á quien se folga hoxe n-a cova. En cant' á min non hai nova; dúrmuche n-o taboad.

Xa pillaremos unha boa enchenta d' o lacon con grelos que tanto lle soupo ós teus convidados de monteira o dia d' o santo d' os tronos, como eiquí chamán á san Marcos. Ah! ¡caracho! si eu aquela tarde paso por aló... jaturuxo metería qu' había d' aturdir á tod' Ourense! E dempois din que teñen humor ós rapaces d' hoxe en dia!... ¡Que han ter! ¡que han ter!... Non son bôs sinón

prafacer maliciadas, e fan ¡qué noxo! poñer en mal estar ás nosas fillas!

Estame chamando a miña dôna. Adios, Marcos, hastra aló que te bique e que te abrace e que te adore,

BÉRTOLO DE SANCROYO.

Santa María de Vicente (provincia de Lugo, auctoramento d' Outeiro de Rey), Mayo de 85.

O TIO MARCOS A XAN VARELA.

Ourense 20 de Mayo.

Bô laberco debes ser,
cando t' estreves a un vello
á lle pidir un consello
n-un caso grave ó meu ver:
n-o conto anda unha muller,
un bico, un entropozon,
un pai que cheo de razon
querché dar unha somanta,
y-un paxariño que canta
o mesmo que un gorrión.

Inda que outra cousa creas
eu n-eso non son perito;
pois sempre Xan funche un pito
entre as polas d' as aldeas;
tí que por Madrid trouleas,
e que trouleando gozas,
terás pr' andares co-as mozas
outra verba y-outro xeito,
co-as que sin poñerche preito
pódeas fozar ó que fozas.

Si lle tes medo á rabécha
d' o pai d' a nena caida,
eu non vexo outra saída
mais que cases pol-a eirexa;
os ollos a todo pecha
como si foses un pombo,
pois senón coido que o lombo
hache quedar tan mallado
com' o parche mais gastado
d' un tamboril ou d' un bombo.

Si a fixeches, que pagala
mais tarde ou mais cedo tela:
n-hay volta, casar co-ela
ou a somanta levala:
de levares pol-a mala
o caso, razon non tes
pra te queixar d' un rivés
anque che rompa un cadril
porque ós truás en Madrid
como acó páranlle os pés.

Fixéchela boa afellas
pol-a mor de dar un bico,
deixando n-a frol o pico
cal o aguillon as avellas;

non sei pra que te aconsellas
si preso n-a rede estás,
e non sei o que farás
cando sepias triste e fosco
o que cheiran a chamosco
os casados que son Xás.

¿Que non casas? pois enton
apeituga co-a somanta,
y-a malla de paus aguanta
en pagas d' o entropezon;
si ten ou non ten razon
o pâi en baterche, Xan,
xa os xueces ch' o dirán
cando vayas ó xuicio,
e n-Audencia o perxudicio
pagues com' outros que as fan.

E non hay escapatoria
pr' o lio, nin outro logo,
ou se volve o pâi un sogro
ou límpache a papatoria;
pol-o inferno ou pol-a groria
teraste que resolver;
de solteiro se lamber
de seu e libre, non pode
en concencia aquel que... rode
pol-o chau c' unha muller.

As suas contras ten o caso
que ó cabo é comprometido;
si te metes á marido
meteraste n-un mal paso;
si quedas solteiro raso
e sigues de Xan entr' elas,
non dou pol-as tuas costelas
unha preixa de fariña,
pois o pâi d' a rapaciña
váichellas dar ás cadelas.

Si eu n-o teu caso me vira,
namentres qu' ela non pare
de se queixar e chorare,
pr' a estranas terras partira,
pois non teño por mentira
que n-os enredos d' amor
non houbo cousa mellor
nin mais seguro remedio,
que poñer terra por medio
e rios pol-o redor.

En fin fai o que che praza,
casa, ou fuxe, ou leva a tunda,
qu' eu, anque o ceo se funda
ó conto non lle dou traza,
pôrque si o pâi d' a rapaza
se porcata de que un vello
com'a min, che da un consello
que non lle conveña á filla,
vâime á esfoliar si me pilla
como s' esfola un coello.

E qu' eu as pague ¡canasto!

abofellas non é xusto;
tí que fixéchel-o gusto.
xusto é que fagal-o gasto;
de seres solteiro casto
com' eu son, meu Xan Varela,
non entopezaras co-ela,
non cobizarias bicala.
nin terias pra que levala
a casar pra compracela.

Conque ansi sai d' ese lio
como queiras, como podas,
e non me veñas con... rodas
que as ten d' abondo este tio:
cásate e non deas un pio,
quédate solteiro e berra,
vive en paz ou vive en guerra,
á min non me contes nada;
que n-esa zaramallada
eu sonche d' a miña terra.



Nin Salomon chega c' o promeiro teniente
alcalde que n-os caiu en sorte ós d' Ourense.

¿A qué non sabedes como resolvete unha disputa de duas cacharreiras d' a Fonte d' os Coiros?

As duas vendedoras de barro vidrado agarráronse
hastra turrárense d' os pelos pol-a mor de
quen d' as duas tiña mais direito á coller o mellor
canto pra poñer a louza.

Co-a forza d' os argumentos qrebáronse algúns
cacharros; mais nin por aquela estragueira viñan
ás boas.

A cacharreira de Lugo c' un xaruto alcezo
n-a boca e co-as maus en xerra, cícais pr' anunciar
o xénero, disputaba berrando e botando sa-
pos e cobras e fume pol-a boca.

Os gardas municipás, facian de testigos: non
habia quen fallase o preito.

N-o mellor d' a disputa chegou o noso pro-
meiro teniente alcalde, home de boa fé e d' aque-
les que se din honrados sin lle facer mais que
xusticia, d' os quo deben pensar pra contra si
que n-os nagocios de louza os preitos non surten
efeuto, e imponiendo silencio ás cacharreiras di-
xolles con voz de xuez anoxado:

«¡Acabouse a disputa! Vouves á botar a *palla*
perra, y-a que turre d' a mais longa, sin que haxa
apelacion e a que colle o canto.»

As cacharreiras qu' inda que non son avespó-
ras daselles por ir á palla de cando en vez, pasa-
ron pol-o dito e dispuxéronse a turrar pol-as que-

ll' amostraba o teniente alcalde n-a mau. Pero acurriuse outra duda.

«¿Quen é a que lle turra promeiro?»—dixo unha d' as cacharreiras.

«Ti que falache»—reprocou o teniente alcalde.

A interesada mirouno de pés á cabeza, fixou os ollos dempois n-as maus d' autoridá que xogaba á palla perra, e cando se convenceu de qu' esculcar a que lle conviña, turrou e sacou á palla mais larga.

¡Si turrara eu a promeira!—rosmou a outra d' os cacharros—turraria eu tamen d' as duas pol-a mais longa.

«Ti xa me turrache pol-os pelos»—dixolle con sorna a que saira transfante.

E como a cuestión foi de turradelas á *palla perra*, en turro pol-o caso pra facer esta cousa.

O Manolo de Chantado
é un taqueador acabado,
e tanto e tan ben taquea
que sinón para, esboirado
vai á morrer n-a sua aldea.

Tomar un taco con xeito
abonda pra un home solo;
pero taquear á feito
e por xunto, éche pr' o peito
malo, muy malo, Manolo.

Deixa pois de taquear
que te botas á perder,
colga o taco n-o lagar,
déixao algun tempo folgar
porque sinon vas morrer.

En Ponte Caldelas como non houbo *colacion liberal*, os concexales elexitos xantarón c' os concexales salentes. E como o diaño d' a política non se meteu n-os seus corpos, lonxe de s' armari unha de paus e d' andaren ós votos, armouse unha de larpadelas y-andiveron ás botas.

Un d' os cunvidados dempois de botar un trago pol-a xerra, púxose á ler a letrilla *Miserere nobis* que viu a luz n-un d' os meus parrafeos, e logo d' acabar, brindaron pol-o Tio MARCOS, déronlle vivas ó vello d' a Portela e houbo gaita e foguetes de tres estralos.

N-estas algueiradas quero eu ver ós d' a monteria, que pol-o menos d' este xeito escorrentarán a morriña.

Correspondendo ó seu, alá vai o meu brindis:

Brindo co-a xerra n-a mau
e bebendo de camiño,
pol-as mozas, pol-o viño,
pol-a sorte d' ese chau,
e debo brindar ¡barau!
hoxe por Ponte Caldelas,
ond' hay d' esas larpadelas
en honra d' os concexales
qu' en custiños eleitorais
non andan com' as cadelas.

Brindo por ese Concello
que sin rifas nin ruido,
sai d' as urnias elexido
pol-o popular consello.
e fólgome como vello,
que anque sean os tempos malos,
fagandes por abouxalos
con festas agasalleiras,
n-as que se toquen muiñeiras
y-estronden os tres estralos.



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. X. C. G., Teixeira.—Mandáronse os parrafeos que lle faltaron. Non se fai bô d' os empregados de correos.

D. D. P. C., Cruña.—Dígolle o mesmo.

D. M. A. C., Salvaterra.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Xunio.

D. E. A., Pontevedra.—Recibin dazaoito reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Xunio.

D. P. P., Carballino.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' fin de Xunio.

D. E. D., Valladolid.—Recibin seis pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Mayo d' o ano que ven.

D. T. C., Oencia.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros d' Agosto.

D. F. V., Ponte Caldelas.—O mesmo.

D. B. R., Pontevedra.—Recibin seis pesetas pol-a sua conta d' Abril.

D. V. P. de C., Ferrol.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripción hast' fin de Xunio.

D. A. N., Sevilla.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Setembre. D' os de correos non se lle fai bô. Alá lle vay de novo o parrafeo que lle faltou.

D. X. B. C., Santa Cruz de Tenerife.—Recibin unha libranza de tres pesetas pol-a sua suscripción hast' o trinta d' o derradeiro Abril. Mandáronse os parrafeos dende o comezo d' este ano.

D. F. A. R., Vilagarcía.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros d' Agosto.

IMPRENTA D' O ECO D' OURENSE,

Alba 15, baixo.



O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todolos domingos en oito páxinas en sólio, contendo artículos de costumes, poesías, esemérides, cantares e contos d' o país gallego.

SUSCRICIÓN

Seis reás cada tres meses.

ADMINISTRACIÓN

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscricions é por adiantado.—Os números soltos vénense á dez centimos de peseta.
— Os pagos faranse en letras d' o xiro.

ALMACEN DE ULTRAMARINOS

DE

D. RAMON QUESADA,
PRAZA MAOR=OURENSE

Gran surtido de bacalao d' Escocia e de Noruega, esca-
beches en latas e barriles, ostras, lamprea, salmon, roda-
ballo, besugo, congrio, sardiñas, e pra que nada falte tamen
vos hay bacalao a vizcaina, bacalao a catalana e pulpo.

Latas de pementos, mixilôs, guisantes e froitas en con-
serva.

Queixos de bola e de todal-as castes e salchichôs de Vich.

Precios económicos en competencia c' os conocidos.

ESTILO ANTIGUO